

REINAS

Klaudia Reynicke, 2024

1369

ESTREA EN NUMAX: 06.09.2024 | V.O. | +12 | 105 min

Perú, anos 90. Cunha situación política moi convulsa e os militares controlando as rúas, dúas irmás adolescentes e a súa nai están a piques de abandonar o país en busca dunha vida mellor. Para iso necesitan a autorización do seu pai. Mentres a conseguen, nace unha inesperada e única relación entre as nenas e o seu pai que lles fará considerar a todos cal é a vida mellor pola que loitar.

«Un guiión construído dende a emoción máis básica, pero sen limitarse á comodidade do íntimo»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Klaudia Reynicke: «A inspiración do filme procede dun desexo de volver conectar coas experiencias da miña infancia»

Por Muriel del Don

De onde xurdiu a idea do filme? Inspirácheste en lembranzas do teu propio pasado? O filme naceu en parte da necesidade de volver ás miñas raíces. Marchei de Perú coa miña nai e o meu padrastró cando tiña só dez anos, e despois fun de mudanza en mudanza, así que tamén hai un pouco de min neste filme. Son filla única, pero como lles ocorre ás protagonistas, a última vez que nos vimos en Perú foi cando eu tiña catorce anos. Despois, todos os meus familiares trasladáronse aos Estados Unidos, onde vivín oito anos. A inspiración do filme procede da miña propia historia, dun desexo de volver conectar coas experiencias da miña infancia. Despois de tantos anos no estranxeiro, e aínda que sempre falei español coa miña nai, sentía que xa non tiña ningún vínculo real con Perú. Volvín un par de veces de vacacións, como turista, pero non é o mesmo. Sempre trato cousas coas que estou familiarizada nos meus filmes, e o que quería explorar nesta longametraxe era todo aquilo que sente unha persoa que está a piques de emprender unha longa viaxe na que non hai billete de volta. Trátase dun momento increíblemente intenso que quería abordar non só desde o punto de vista das nenas, senón tamén desde o dos pais.

Como fas para conseguir un diálogo tan intenso entre o mundo sonoro e o visual? A miña relación coa música non é complicada, senón máis ben complexa, xa que considero cada peza como un personaxe máis, polo que me resulta bastante difícil traballar con compositores. Como consecuencia, decidín facer uso dalgúns pezas que xa existían, e debo dicir que gocei moito durante o proceso. Xa escollera moitas pistas mentres redactaba o guión, pero houbo outras que me viñeron á mente máis tarde, durante a fase de montaxe. Tras meses de investigación, aínda tiña tres escenas importantes para as que necesitaba encontrar as pistas adecuadas, así que me puxen en contacto co meu amigo Gioacchino Balistreri e pedínlle que traballase comigo para crear estas tres pezas finais.

As túas dúas mozas protagonistas son increíbles. Como as encontraches? O proceso de casting foi complicado, porque eu non estaba alí en persoa e ningunha das persoas que se se presentaron me acababa de convencer. Como cos meus outros filmes, prefiro traballar con xente moza e crianzas que non teñan ningunha experiencia previa no mundo da actuación. Se proceden do mundo da publicidade ou da televisión, cústame facer que encaixen coa miña linguaxe cinematográfica persoal. Despois da pandemia, os meus responsables de casting foron a un centro comercial onde encontraron a nena máis pequena, Abril Gjurinovic. Pareceume ideal desde o primeiro momento en que a vin. Máis tarde, descubrimos que a súa orixe era moi parecida á da nosa outra protagonista, Lucía, posto que ela tamén se trasladara ao estranxeiro (a Bruxelas, coa súa nai). Máis que un rostro, era unha idea o que tiña en mente para ela, pero rapidamente me decatei de que Abril era perfecta para encarnar esa idea. Por outro lado, o caso de Luana Vega, a actriz que interpreta a Aurora, é moi divertido, xa que é filla do noso co-produtor peruano Daniel Vega. Aínda que vén dunha familia cinéfila a máis non poder, non ten ningún interese en traballar neste campo, e menos aínda en ser actriz. Pero coa axuda do seu pai e dun amigo, conseguín convencela. Preocupábame un pouco que se aburrise ao non ter esa paixón polo cinema, pero non, foi moi profesional. É unha nena do máis xenuína.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Marrón,
Rocío Quillahuaman.
Blackie Books, 2022

Quiénes somos ahora,
Katya Adai.
Random House, 2023